

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 29 de xuño de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e quince minutos do día vinte e nove de xuño de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(627).- RATIFICACIÓN DE URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(628).- PROPOSTA DE ANULACIÓN REMANENTE DOC. A 201600011425
“AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS DE COMEDOR” E
POSTERIOR REPOSICIÓN NA APLICACIÓN ORZAMENTARIA 231048110000.
EXPTE. 105198/301**

Dáse conta do informe-proposta do 29/06/16, da técnica de servizos económicos, conformado polo xefe de área de Benestar Social, polo concelleiro-delegado de área, polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e conformado así mesmo polo asesor xurídico adxunto da área e polo interventor xeral municipal:

A Xunta de Goberno local na sesión de 10 de abril de 2015, acordou “comprometer o gasto de 1.081.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.4810000 para axudas municipais escolares de comedor curso 2015-2016. Desta cantidade, 366.780,80 € imputaránse ó exercicio de 2015 e o resto, 714.219,20 €, con cargo ó exercicio de 2016. A contía do ano 2016 quedará supeditada á dispoñibilidade orzamentaria dese exercicio. Ambas dúas cantidades serán aboadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Departamento de Benestar Social»”.

O 21 de xaneiro de 2016 a intervención xeral emitiu un Doc. A nº 201600011425 por importe de 714.219,20 € para atender os gastos do comedor do curso 2015- 2016.

Finalizado o curso 2015-2016 e axustadas as cantidades a aboar (baixas temporais, definitivas etc.) o gasto foi de 628.051,53 €, polo que quedan 86.167,67 € sen gastar.

Polas necesidades de realizar gastos noutros programas sociais desta concellería, é preciso anular os 86.167,67 € do Doc. A 201600011425 e repoñelos na aplicación orzamentaria 23104810000.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

«ACORDO:

PRIMEIRO: Anular os 86.167,67 € do Doc. A 201600011425 e repoñelos na aplicación orzamentaria 23104810000.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(629).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE EXECUCIÓN DOS MURAIIS DO SEGUNDO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 8185/307.

Dáse conta do informe-proposta do 29/06/16, do secretario da Mesa de Contratación:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos para a execución dos murais do segundo programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública. (expediente 8185- 307).” no seguinte orde decrecente:

ORECO, S.A. 88 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(630).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DOS XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CASTRO DE TORALLA. EXPTE. 7845/307.

Dáse conta do informe-proposta do 29/06/16, do secretario da Mesa de Contratación:

“Primeiro: Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de data 18 de maio de 2016 de “excluir da licitación a proposta presentada pola mercantil Excluir da licitación a Xeitura, xestión Integral de Patrimonio Cultural Sociedade Coperativa Galega por non declarar la solvencia técnica.”

“Segundo.- Clasificar as ofertas presentadas ao procedemento aberto para a contratación do servizo de promoción e divulgación dos xacementos arqueolóxicos de o Castro e Toralla.. (expediente 7845-307), de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no . (expediente 17478-332)” no seguinte orde decrecente:

EMPRESA	PUNTUACIÓN CRITERIOS AVALIABLES XUÍZO DE VALOR	PUNTUACIÓN CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULAS	PUNTUACIÓN TOTAL
VAN DIVULGACIÓN CULTURAL	14	76,19	90,19
ESTELA LOXÍSTICA PROXECTOS	14	75,80	89,80
ROSA PEREIRA MUÑOZ	15	26,27	41,27

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL , S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto: Requirir ao citado licitador o aboamento de 731,5 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(631).- RESPONSA Á SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE PRAZO PRESENTADA POR EULEN, S.A. EXPTE. 14892/333.

Dáse conta do informe-proposta do 29/06/16, da xefa do servizo de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado de área:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e O Berbés (PCAP).

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- En data 13 de maio de 2016, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en adiante XGL), na súa calidade de órgano de contratación do mesmo acordou aprobar o expediente incoado para a contratación de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e O Berbés; aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que haberían de rexer o mesmo; autorizar o gasto de devandito contrato e abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- En data 13 de maio de 2016 anúnciase a licitación non perfil do contratante do Concello de Vigo, que é obxecto de publicación nos seguintes diarios oficiais:

- Diario Oficial da Unión Europea, en data 18 de maio de 2016, abríndose o prazo de presentación de ofertas que finalizaría o día 27 de xuño de 2016.
- Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en data 8 de xuño de 2016.
- Diario Oficial de Galicia, en data 8 de xuño de 2016.
- Boletín Oficial do Estado, en data 15 de xuño de 2016.

Terceiro.- En datas 15 e 17 de xuño de 2016, EULEN, S.A., e FERROVIAL SERVICIOS, S.A., presenta sendos escritos no Rexistro Xeral deste Concello solicitando aclaracións de determinados aspectos dos pregos. A XGL contesta ambas aclaracións de maneira conxunta en data 23 de xuño do mesmo ano, publicándose a resposta as aclaracións nesa mesma data no perfil do contratante.

Cuarto.- En data 27 de xuño de 2016, D. David Méndez Cepeda, actuando en nome e representación de EULEN, S.A., solicita unha ampliación do prazo de presentación de ofertas xustificándoo en que a resposta as aclaracións prodúcese en data 23 de xuño de 2016 non restando tempo suficiente para a preparación da oferta.

Quinto.- En data 29 de xuño de 2016, o Director deportivo-xefe da Unidade Técnica do servizo de Deportes, emite informe sobre a citada solicitude, a petición do servizo de Contratación.

FUDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- É obxecto da presente solicitude unha ampliación do prazo de presentación de ofertas no procedemento aberto de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnacios das Travesas e O Berbés, por mor da falta de prazo para preparar a oferta dende a publicación no perfil do contratante de determinadas aclaracións solicitadas por empresas interesadas neste procedemento. O prazo para a presentación de ofertas remataba o día 27 de xuño de 2016, e a resposta as aclaracións foi publicada no perfil do contratante en data 23 de xuño de 2016. En concreto alega que *“con fecha 23 de junio de 2016 se publica un nuevo Anexo III con los programas deportivos objeto del contrato”. E considera que “De acuerdo con el artículo 75 del RD 1098/2001 “Cualquier aclaración o rectificación de los anuncios de contratos será a cargo del órgano de contratación y se hará pública en igual forma que éstos, debiendo computarse, en su caso, a partir del nuevo anuncio, el plazo establecido para la presentación de proposiciones”.*

A información ós licitadores está regulada no artigo 158 do TRLCSP. Con carácter xeral establece que *“deberá facilitarse, polo menos, seis días antes da data límite fixada para a recepción de ofertas, sempre que a petición preséntese coa antelación que o órgano de contratación, atendidas as circunstancias do contrato e do procedemento, tiña sinalado nos pregos”* (artigo 158.2). E so se prevé a ampliación do prazo de presentación de ofertas cando *“os pregos e a documentación ou a información complementaria, malia haberse solicitado ao seu debido tempo, non se proporcionaron nos prazos fixados ou cando as ofertas soamente poidan realizarse logo dunha visita sobre o terreo ou previa consulta «in situ» da documentación que se achegue ao prego”* (artigo 158.3).

No caso que nos ocupa no propio prego preveuse (cláusula 17.E da FEC) a posibilidade de fixar una visita ás dependencias. E no perfil do contratante anunciouse unha visita ás citadas dependencias, *“Fíxase o vindeiro 14 de xuño de 2016, ás 10:00 horas como data de visita das dependencias e instalacións obxecto do contrato. Os interesados en participar na visita terán*

que solicitalo mediante correo electrónico á dirección concelleriadeportes@vigo.org, facendo constar o nome e DNI dos asistentes, empresa pola que asisten e un teléfono de contacto. O PUNTO DE REUNIÓN, para o inicio da visita das instalacións será a piscina de Traviesas situada na rúa do Carmen s/n Vigo". Tal e como informa o Director deportivo-xefe da Unidade Técnica do servizo de Deportes, no seu informe de data 29 de xuño de 2016 "A citada visita foi realizada na data prevista e na mesma participaron dous representantes da mercantil EULEN,SA, tal como consta no documento de comparecencia asinado, e sobre o cal debemos de facer mención expresa que o documento indica que "a visita foi realizada de conformidade". Tras a citada visita EULEN solicitou unha aclaración que sobre o "Consumo anual por centro en m3/anual por cada centro o los KWh consumidos." A solicitude dun novo anexo III a formulou outro licitador por canto no cadro aparecían datos montados que non se apreciaban ben. No entanto, este non é un dato fundamental para a elaboración da oferta por canto o citado cadro sólo é orientativo dos programas que desenvolve o servizo, pero non teñen porque ser coincidentes coa programación para os anos de execución do contrato que nos ocupa. Informa ó respecto ó xefe do servizo no informe citado que "O prego de prescricións técnicas particulares publicado no anuncio de contratación do citado expediente, recolle no anexo III, os cadros coa "DISTRIBUCIÓN ACTUAL DOS PROGRAMAS DEPORTIVOS DAS INSTALACIÓNS. 1.- PROGRAMA DEPORTIVO ACTIVIDADES PISCINAS E XINMASIOS" e na paxina 36 deste prego, aparecían superpostos os cadros da piscina de Teis, sobre os da Piscina de Travesas. A información recollida neste anexo III, ten como obxectivo informar os licitadores da distribución actual dos programa deportivos como una referencia do mesmo, o cal non conforma ningún criterio determinante para a conformación da súa proposta, xa que o mesmo prego, indica de forma expresa no apartado II.3, os requisitos obrigatorios para o cumprimento das obrigas referentes os condicionantes técnicos da execución das actuacións técnico docentes vinculadas co obxecto do contrato, e de forma concreta a determinación do programa deportivo das instalacións e unha responsabilidade directa do Concello de Vigo". Como se pode apreciar a documentación incluída no citado Anexo non resultaba fundamental para a elaboración da oferta. De feito, cando se solicitou a mesma a documentación contractual levaba máis dun mes publicada no perfil do contratante. A empresa que solicitou a mesma poido presentar a oferta, así como outras 5 máis, tal e como consta na certificación do Rexistro Xeral deste Concello.

En cada procedemento de licitación seguido por esta Administración é habitual que os futuros licitadores formulen numerosas preguntas e soliciten aclaracións. Razón pola cal esta Administración optou por contestar de xeito conxunto a todas elas, respectando, sempre que iso é posible en función da data de presentación das consultas, o prazo de seis días hábiles anteriores á finalización do prazo de presentación de ofertas. Se ben a lei non o establece expresamente esta obriga, esta Administración opta por que as aclaracións se publiquen no perfil do contratante, para que todos os potenciais licitadores poidan coñecelas, en aplicación do principio de igualdade de trato que rexe na contratación pública (artigos 1 e 139 do TRLCSP).

Salvo o licitador e tal e como se ten dito, a publicación do citado anexo catro días antes do remate do prazo de presentación de ofertas non ten sido obstáculo para a presentación das mesmas polos licitadores interesados.

Segundo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

"Denegar a solicitude de ampliación de prazo solicitada por D. David Méndez Cepeda, actuando en nome e representación de EULEN, S.A., en escrito de data 27 de xuño de 2016 polas razóns expostas no corpo deste escrito".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(632).- MODIFICACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN DO PERSOAL BENEFICIARIO DO PROGRAMA "VIGO EMPREGA, 2ª QUENDA 2016" E NOMEAMENTO DE COMISIÓNS DE SELECCIÓN. EXPTE 12933/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28/06/16, dáse conta do informe-proposta do 10/06/16, do xefe do servizo, conformado polo concelleiro-delegado de Emprego e polo secretario de Admon. Municipal, que di o seguinte:

"A concellaría de Emprego, ven promovendo o emprego no municipio, a través de distintos programas de inserción e busca de emprego. Prestando especial atención aos colectivos que teñen maiores dificultades para integrarse laboralmente. Tratando de incidir directamente na creación e mellora dos instrumentos de intervención implementados por esta concellería, entre os que destacamos: as accións de mellora da empregabilidade; mellora a calidade do emprego; promoción dunha maior seguridade no traballo e redución da siniestralidade; fomento do emprendemento, a economía social e a mellora das relacións laborais.

Neste contexto, o Concello de Vigo, continuará no marco do Plan Municipal de Emprego co Programa VIGO EMPREGA, enmarcado nos orzamentos municipais, que permitirá a adquisición de experiencia profesional e formación, de numerosas persoas desempregadas que precisan nestes momentos, unha axuda para reintegrarse ao mercado laboral, no ámbito da construción e máis concretamente, en actuacións que teñen que ver coa realización de obra pública.

Esta concellaría continuará coa mellora dos aspectos deficitarios detectados en anos anteriores, á vez que racionalizar os seus procedementos e mecanismos de acceso. Este programa está baseado na realización de obras e servizos de interese municipal a través da contratación de persoas desempregadas de Vigo con maior necesidade social. As persoas candidatas prioritariamente pertencerán á colectivos con maiores dificultades de inserción sociolaboral.

Coa finalidade de optimizar o proceso selectivo, buscando a máxima obxectividade, e axilizar a selección do persoal beneficiario, xa que contará cando menos con 330 persoas candidatas, se propón substituír a Entrevista persoal, establecida na base 8. CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS, apartado 5, por unha proba tipo test, que deberá ter un mínimo de trinta (30) preguntas con tres respostas alternativas, deberá ser capaz de avaliar a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do mesmo, de tal xeito que se modifiquen ás bases aprobadas na Xunta de Goberno Local de 13/05/2016, nos seguintes apartados que fan referencia á entrevista persoal:

- Base 7. FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN:
 - Parágrafo quinto, onde di "*Publicación das listaxes de candidatos baremados e a convocatoria á entrevista e proba práctica.*"

- Se modificar por “Publicación das listaxes de candidatos baremados e a convocatoria á proba tipo test e proba práctica.”.
- Parágrafo sexto, onde di “*Realización de entrevistas e proba práctica. A orde de realización, destes instrumentos de valoración persoal, poderá ser modificado pola comisión de selección encargada de desenvolver o proceso selectivo.*”
- Se modifica por “*Realización da proba tipo test e proba práctica. A orde de realización, destes instrumentos de valoración persoal, poderá ser modificado pola comisión de selección encargada de desenvolver o proceso selectivo.*”
- **Base 8. CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS:**
 - Parágrafo 4, onde di “A Comisión de Selección realizará as entrevistas e/ou probas prácticas aos candidatos e candidatas remitidos polo Servizo Público de Emprego que superen os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local.”.
 - Se modifica por “*A Comisión de Selección realizará as probas tipo test e/ou probas prácticas aos candidatos e candidatas remitidos polo Servizo Público de Emprego que superen os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local.*”
 - Parágrafo 5, onde di:
 - “Entrevista persoal (máximo 2 puntos)
 - “A entrevista, debe entenderse como un aspecto determinante para poder avanzar no proceso de selección, xa que poderá avaliarse a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e ver de primeira man as reaccións do mesmo e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do programa.
 - Realizaráselles ás persoas candidatas e valoraranse: aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude e aptitude de adecuación ao programa. Incidirase en aspectos vencellados a busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.
 - Solicitarase das persoas candidatas información sobre: a experiencia profesional previa, opinión sobre as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o estado anímico, o estado físico, o interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.
 - Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ó resto das puntuacións acadadas, sempre que a persoa candidata non obteña a calificación NSNM (non supera a nota mínima), consideraránse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.
 - Sen esta calificación de “NSNM” na entrevista, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.”
 - Se modifica por “*Proba tipo test (máximo 2 puntos)*

O test, con un mínimo de trinta (30) preguntas con tres respostas alternativas, deberá ser capaz de avaliar a *actitude e interese* que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e a *posible adecuación do seu perfil á finalidade do mesmo*.

 - Realizaráselles ás persoas candidatas e valoraranse: aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude ante o programa. Incidirase en aspectos vencellados a busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.
 - Solicitarase das persoas candidatas información sobre: opinión sobre as condicións sociolaborais do contrato e as

características da contratación, o estado anímico, o estado físico, o interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.

- Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ó resto das puntuacións acadadas, sempre que a persoa candidata non obteña a calificación NSNM (non supera a nota mínima), consideraranse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.
- *As persoas candidatas con unha de "NSNM", será excluída do proceso de selección."*

A convocatoria e bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 13 de maio de 2016, e na súa base 11ª, se establece *"Tódolos membros da Comisión de Selección serán nomeados pola Xunta de Goberno Local a proposta do Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, e a súa composición reunirá os criterios de imparcialidade, capacidade e cualificación técnica necesarias para o exercicio das súas funcións, cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público"*

Se abonarán asistencias aos membros da Comisión de selección de personal do programa "Vigo emprega", na cuantía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal.

Coa finalidade de clarear a metodoloxía que deberá utilizar a comisión de selección no proceso de selección de candidatos beneficiarios do programa Vigo Emprega 2016, 2ª quenda, a comisión de selección na valoración da proba tipos test, deberá ter en conta as actitudes ante o traballo e o programa de inserción, elementos a valorar principalmente os seguintes, en función do posto a desenvolver:

- O interese amosado polo posto de traballo.
- A actitude e o método utilizado na búsqueda activa de emprego.
- A argumentación dada relativa á importancia da prevención de riscos laborais.
- O comportamento que tería como responsable dun grupo de persoas traballadoras.
- A capacidade relativa ao posto a desenvolver.
- As súas expectativas laborais relativas ao posto de traballo.
- A súa predisposición e competencia de cara á formación das persoas ao seu cargo.

Na fase da proba práctica realízanse diferentes exercicios valorados pola comisión de selección e en colaboración de técnicos municipais que facilitan a realización, supervisión e valoración das mencionadas probas, relacionadas todas elas coas funcións e tarefas da profesión relacionada co posto ofertado, e anéxanse copias dos exercicios realizados para os postos de Auxiliar administrativo, Delineante, Auxiliar Topógrafo, Capataces e Oficiais de oficios.

Cara a axilizar o proceso selectivo, se estima que coa constitución de 3 comisións de selección se poderá proceder nun prazo de 5 días a realizar as probas previstas nas bases, o que permitirá rematar o proceso de contratación con tempo suficiente para que inicien o seu contrato o 01/07/2016, e se procurou que os/as funcionarios e funcionarias, así como o persoal laboral fixo, se adecue o máximo posible ao establecido no RDL 5/2015 do Estatuto Básico do Empregado Público, no senso de axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade de todos os seus membros, indícanse os grupos de titulación das prazas

no Anexo I.

Polo anteriormente exposto e tendo en conta a necesidade de realizar a selección de persoas candidatas na convocatoria de contratación de peóns, oficiais e capataces beneficiarios/as, do programa “Vigo emprega” 1º quenda 2016, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar as seguintes modificacións das bases aprobadas na Xunta de Goberno Local de 13/05/2016, nos seguintes apartados que fan referencia á entrevista persoal:

a) Base 7. FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN:

- Parágrafo quinto, onde di “*Publicación das listaxes de candidatos baremados e a convocatoria á entrevista e proba práctica.*”
 - Se modificar por “*Publicación das listaxes de candidatos baremados e a convocatoria á proba tipo test e proba práctica.*”
- Parágrafo sexto, onde di “*Realización de entrevistas e proba práctica. A orde de realización, destes instrumentos de valoración persoal, poderá ser modificado pola comisión de selección encargada de desenvolver o proceso selectivo.*”
 - Se modifica por “*Realización da proba tipo test e proba práctica. A orde de realización, destes instrumentos de valoración persoal, poderá ser modificado pola comisión de selección encargada de desenvolver o proceso selectivo.*”

b) Base 8. CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS:

- Parágrafo 4, onde di “A Comisión de Selección realizará as entrevistas e/ou probas prácticas aos candidatos e candidatas remitidos polo Servizo Público de Emprego que superen os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local.”
 - Se modifica por “*A Comisión de Selección realizará as probas tipo test e/ou probas prácticas aos candidatos e candidatas remitidos polo Servizo Público de Emprego que superen os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local.*”
- Parágrafo 5, onde di, “Entrevista persoal (máximo 2 puntos)
 - “A entrevista, debe entenderse como un aspecto determinante para poder avanzar no proceso de selección, xa que poderá avaliarse a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e ver de primeira man as reaccións do mesmo e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do programa.
 - Realizáraselles ás persoas candidatas e valoraranse: aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude e aptitude de adecuación ao programa. Incidirase en aspectos vencellados a busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.
 - Solicitarase das persoas candidatas información sobre: a experiencia profesional previa, opinión sobre as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o estado anímico, o estado físico, o interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.
 - Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ó resto das puntuacións acadadas, sempre que a persoa candidata non obteña a calificación NSNM (non supera a nota mínima), consideraranse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.
 - Sen esta calificación de “NSNM” na entrevista, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.”

- Se modifica por “*Proba tipo test (máximo 2 puntos)*”
